



Análise de impactos da Planta de Residuos de Contrución e Demolición proxectada en Cacheiras (Teo)



Veciñanza mobilizada contra a construción desta planta en abril de 2026

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)

Abril de 2026

ADEGA-Compostela rexeita a localización proposta para a planta de tratamento de residuos da construción e demolición en Cacheiras (Teo) e solidarízase coa veciñanza afectada, á que apoia nas súas reivindicacións. Tanto o Estudo de impacto Ambiental Simplificado como o Informe de Impacto Ambiental emitido pola Xunta presentan moitas deficiencias e non protexen a poboación dos impactos potenciais de contaminación por partículas, ruídos e elevado tránsito de camiós nunha zona netamente residencial.

Trátase dun proxecto de planta de tratamento de residuos da construción e demolición (RCD), que se localizaría nunha parcela da parroquia de Cacheiras do concello de Teo (https://maps.app.goo.gl/icNyfwh2hQkSVsis8?g_st=aw).

A parcela dedícase actualmente a actividade industrial, en concreto, como lugar de entrada e almacenamento de materiais de construción, da mesma empresa construtora que presenta o proxecto da planta de residuos. O novo proxecto implica a entrada de cantidades maiores de materiais, até 25.000 t/ano de RCD, que deben ser sometidos a diferentes operacións de inspección, clasificación, redución de tamaño por esmagado e trituración, cribado, separación das diferentes fraccións, etc.

Estas operacións son necesarias para a preparación destes materiais con vistas ao seu uso posterior na actividade construtiva, polo que corresponden maiormente coa tipoloxía de planta de reciclaxe de RCDs. Trátase, por tanto, dunha alternativa de tratamento dos RCDs defendible desde o punto de vista ambiental e ecoloxista, como última opción despois da prevención da xeración de residuos e da reutilización directa dos materiais.

Emprazamento non axeitado

Sen menoscabo do anterior, ADEGA considera que o emprazamento proposto non é o axeitado, en particular porque este tipo de actividades causará afeccións ambientais nunha zona que na grande maior parte da súa superficie está dedicada hoxe en día á residencia da poboación, a vivendas.

Unha inspección rápida no mapa permite observar que unhas 7 vivendas rodean a parcela a menos de 100 m e máis de 25 vivendas a menos de 200 m dos lindes da parcela na que se localizaría a actividade. Incluso podemos estimar máis dun centenar de vivendas a menos de

500 m. A 140 m localízase un conxunto de 6 vivendas agrupadas nun radio duns 30 m, que segundo algunhas definicións xa constitúen un núcleo de poboación. A 200 m atopamos a área de Xogos da Torre e outras instalacións de uso social e comunitario.

Neste sentido, moitas afirmacións contidas no Informe de Impacto Ambiental (IIA, formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Xunta) son pouco rigorosas, como as seguintes:

- “Na contorna do proxecto atópanse vivendas residenciais espalladas, mentres que os núcleos poboacionais máis próximos son os lugares de Feros e Cacheiras, aproximadamente a 530 e 730 m respectivamente”.
- “As parcelas máis próximas son de uso forestal, cubertas principalmente por piñeiros e eucaliptos mesturados con carballos e outras frondosas de bidueiros e salgueiros”.

O IIA xustifica desta forma un escaso impacto ambiental e na saúde, e oculta que se trata dunha zona dedicada maiormente a vivenda, na que a quizais única actividade singular e allea ao uso residencial é precisamente a actividade industrial que ten lugar nesa parcela.

Emisións á atmosfera: gases, po e partículas

Outros aspectos do IIA son moi vagos, sen que poidan asegurar que non se causen afeccións diversas á poboación residente. Así, no referido á protección da atmosfera, poboación e saúde, o IIA afirma que “o titular do proxecto deberá minimizar as emisións á atmosfera, adoptando os procedementos de dispersión máis axeitados que minimicen o impacto na calidade do aire da súa zona de influencia”, mais non define cales serían eses procedementos de “dispersión”, nin sequera se son aplicables ao caso concreto.

A mesma indefinición atópase na versión do EIAS (Estudo de Impacto Ambiental Simplificado) do proxecto de decembro de 2025, que xa parece incorporar as recomendacións do IIA:

- “Ao sureste da pista, existe unha pequena plantación de árbores de baixo porte que servirán para definir as distintas zonas de actividade, ao mesmo tempo que evita por un lado a dispersión do po que se puidese producir no tratamento e por outro diminúe o impacto visual da actividade”.

- “Na actualidade existen pantallas vexetais que dificultan a libre circulación de po en niveles superficiais, vixiarase o estado das mesmas, e reforzaranse se fose necesario”.
- “En caso necesario minimizaranse as emisións á atmosfera adoptando procedementos de dispersión máis correctos que minimicen o impacto na calidade do aire da súa zona de influencia”.

En ningún momento aparecen definidos eses procedementos de dispersión, ao tempo que se usa este concepto tanto para evitar como para favorecer a dispersión. E fican para a súa consideración posterior, no caso de que existan queixas polas afeccións concretas. Descarga, por tanto, a responsabilidade de garantir ausencia de impactos ambientais e sanitarios na poboación que os sufriría, que só poderían denuncialos despois de sufrilos e acreditalos, e desbota con toda claridade o principio de prevención e dereito a un ambiente saudábel.

E contaminación acústica

As mesmas indefinicións ocorren no relativo á contaminación acústica:

- “Emprego de pantallas vexetais como pantallas acústicas”.
- “En caso de existir algunha queixa veciñal polas emisións de ruído, realizarase unha inspección da zona. De encontrar o problema que causa o ruído, será inmediatamente reparado”.
- “... ditas medidas poden ir encamiñadas cara ao apantallamento parcial dunha área concreta de traballo, ou incluso do perímetro sur da parcela, ao encapsulado dalgunha máquina en particular ou ao desprazamento d súa zona de traballo, á redución de horas de funcionamento dun equipo dado, etc.”
- “En calquera caso, o deseño definitivo das medidas correctoras deberá ser levado a cabo de maneira especifica no seu momento, para dar solución a un problema concreto, en caso de detectar un incumprimento en nos correspondentes límites de inmisión”.

Non define o que mencionan como encapsulado de maquinaria para evitar ruído, en que consistiría nin se é viable na práctica. Mais o contido que reproducimos nas liñas anteriores deixan claro a posibilidade de impactos e descargan, novamente, a responsabilidade de enfrontalos na poboación que os sufriría.

Dúbdas acerca da urbanización e adaptación do terreo e da instalación

Tanto no EIAS do proxecto como no IIA indícase que se reserva a nave existente para as actividades actuais da empresa, e que ademais se realizará na nave o mantemento de maquinaria, reposición de combustible e almacenamento de residuos perigosos do novo proxecto. O resto de actividades do proxecto, en particular a recepción, manexo e procesado dos residuos será levado a cabo no espazo aberto á atmosfera, nunha parte da parcela que “conta con solo formigonado ou cuberto de xabre compactado e, actualmente, acolle o acopio dos materiais empregados na actividade habitual da empresa”. E indica o IIA que “non se prevén operacións de preparación do terreo nin obras de construción de novas instalacións para o desenvolvemento do proxecto, xa que o terreo e as vías de acceso xa se atopan acondicionadas para tal fin”.

Porén, en relación coa protección das augas e dos leitos fluviais (apartado 4.2 do IIA) establécese como condición que “todas as soleiras da instalación sobre as que se realicen actividades de almacenamento, clasificación e procesado de residuos deberán estar impermeabilizadas de maneira que eviten o risco de filtración e a contaminación das augas superficiais e subterráneas, asegurando que se impidan perdas por filtración ou por inestabilidade xeotécnica, e garantindo o seu correcto funcionamento durante toda a vida útil da súa estrutura, prevendo as oportunas accións de conservación e mantemento”.

Debe considerarse que o “solo formigonado ou cuberto de xabre compactado” reúne de por si as condicións necesarias de impermeabilización? Como se comporta un solo de xabre compactado sobre o que traballa a maquinaria de procesamento dos residuos?

Son demasiadas as indefinicións e tamén contradicións que permanecen no proxecto e no Informe de Impacto Ambiental emitido pola Xunta, mentres os impactos e molestias deste tipo de actividades son coñecidas. É grave facer recaer nas persoas que potencialmente as sufriran a responsabilidade de denuncialas e exixir medidas correctoras que nin sequera aparecen descritas de forma axeitada.

Pode que ao tratarse dun solo rústico, no que non se permite a súa urbanización, non se poidan construír novas instalación como naves? Só confinando estas actividade xeradoras de

po e ruído en naves cerradas se pode garantir a redución efectiva de niveis de emisión de po e ruído, mentres que tanto o IIA como o EIAS mencionan a opción de “encapsulado” sen describir en que consistiría.

Os accesos e o tráfico de camións

Como xa indicamos, o IIA afirma que “as vías de acceso xa se atopan acondicionadas para tal fin”. Pola contra, constatamos a existencia unhas vías de acceso que dificilmente poden soportar o transporte de 25.000 t/ano de RCD de entrada e a retirada doutras tantas toneladas anuais de produtos procesados. O EIAS estima como caso máis desfavorábel a entrada/saída de 1 camiión de 20 toneladas cada dous días. Difícil é explicar estes cálculos do EIAS, que o IIA pasou por riba, sen ningunha consideración ao impacto do tránsito de camiións. Pola contra, estimamos arredor de 6 camiións de 20 toneladas diarios de entrada, como media para o calendario laboral. A irregularidade nas achegas podería facer que en determinadas semanas ou meses, o número de tránsitos fose moi superior.

Mais completar camiións de 20 toneladas implicaría que os residuos procedan unicamente de grandes obras ou doutro centro de almacenamento, cuestión que non se menciona en ningún momento na documentación exposta (IIA ou EIAS). Xa que logo, cabe agardar que aqueles residuos que cheguen directamente de obras o farán en carga parcial, o que elevará considerablemente o número de camiións de transporte que deben entrar á planta cada día. A documentación tampouco ten en consideración a saída de camiións cos residuos clasificados, que loxicamente serán diferentes dos de entrada, ao menos en boa parte.

Así é que de 1 camiión de 20 toneladas cada 2 días poderíamos pasar a un mínimo de 10 camiións da mesma tonelaxe cada día: un factor de 20, que na práctica podería ser moi superior.

A procedencia dos residuos, unha incógnita

Ningún dos documentos di nada da orixe dos residuos. Realizan unha análise de alternativas na que parecería entenderse que os residuos procederán só do municipio de Teo e que deben tratarse dentro deste municipio. Por suposto que isto non é así, e non se pode descartar solo industrial para esta actividade por non habelo no municipio de Teo.



Actualmente parece estar prevista a construción dun polígono industrial no concello de Teo, polo que o proxecto debería optar a localizarse nel. Non existe razón de urxencia que aconselle non agardar a esa dispoñibilidade, ou analizar posibilidades similares en concellos limítrofes.

Por todo o exposto, ADEGA rexeita a localización proposta da planta de tratamento de residuos da construción e demolición e solidarízase coa veciñanza afectada, á que apoia nas súas reivindicacións.

ADEGA

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Av. de Castelao 20, baixo 15704 Santiago de Compostela

www.adega.gal · 981 57 00 99 · adega@adega.gal



ADEGA

50 aniversario